

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 14 DE XUÑO DE 2013
POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS EN MÁSTERS
UNIVERSITARIOS OFICIAIS PARA O CURSO
2013/2014**

Sumándose ás iniciativas estatais e autonómica, a Universidade de Vigo consciente da importancia de ter en conta a diversidade dos estudos de Máster estima necesario dispor dunha convocatoria de bolsas en estudos oficiais de Máster universitario con cargo ás partidas orzamentarias dos másters descentralizadas nos centros e reflectidas no orzamento da Universidade.

Polo tanto, **ESTA REITORÍA**

en virtude das facultades que lle outorga a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, de Universidades, e o Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aprobaron os Estatutos desta Universidade,

RESOLVE

Convocar bolsas para o alumnado matriculado nos másters universitarios que non dispoña doutro tipo de axuda, bolsa ou contrato con entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

convócanse:

1.- Bolsa en dúas modalidades:

A) Bolsas de axuda aos estudos con dúas contías posibles.

B) Bolsas de axuda aos custos de desprazamento para a participación en actividades organizadas polo máster en instalacións alleas á Universidade de Vigo.

2.- A presente resolución, xunto coas bases que a regulan e que figuran no Anexo I, serán expostas no taboleiro de anuncios da Reitoría, dos Centros da Universidade de Vigo e na páxina web da Universidade de Vigo.

3.- Existirán dúas convocatorias de bolsas por curso académico. O proceso da convocatoria realizarase en dúas fases:

3.1.- **Fase I:** as comisións académicas dos másters oficiais deberán comunicar á Sección de Bolsas as propostas de bolsas en cada unha das convocatorias. Deberán facer constar a aplicación orzamentaria na que se fará o cargo, a modalidade, o nº de bolsas que desexan convocar e, de ser o caso, as condicións específicas dos desprazamentos a subvencionar (Impreso: anexo II). Xunto con este impreso deberá achegar a correspondente retención de crédito que as avale.

3.2.- **Fase II:** unha vez recibidas as propostas, a Sección de Bolsas fará pública no taboleiro de bolsas (Reitoría), na páxina web da Universidade a través da Secretaría Virtual (<http://seix.uvigo.es>) e na Secretaría do centro de adscrición do máster a relación de axudas convocadas en cada máster así como o prazo de presentación de solicitudes que figura no punto seguinte.

4.-Tipo de convocatoria e calendario.

4.1.- Primeira convocatoria restrinxida a estudantes que se matriculen en inicio de estudos no período do 20 ao 24 de xullo de 2013 e estudantes en continuación de estudos:

PROCEDEMENTO	PRAZO	RESPONSABLE	LUGAR DE PRESENTACION	PUBLICACIÓN
<i>Fase I: Propostas de bolsas dos Másters</i>	17 ao 25 de xuño de 2013	Comisión Académica dos Másters	Sección de Bolsas	Secretaría Virtual (http://seix.uvigo.es) Sección Bolsas Secretarías dos Centros
<i>Fase II: Publicación de propostas</i>	Antes do 28 de xuño de 2013	Sección de Bolsas		Secretaría Virtual (http://seix.uvigo.es) Sección de Bolsas Secretaría dos centros
<i>Presentación de solicitudes</i>	1 ao 4 de xullo de 2013	Alumno/a interesado/a	Centro de adscrición Rexistro	
<i>Acordo provisional</i>	Antes do 12 de xullo de 2013	Comisión Académica dos Másters	Sección de Bolsas	Secretaría do Centro Sección de Bolsas
<i>Alegacións</i>	Do 13 ao 17 de xullo de 2013	Alumno/a interesado/a	Sección de Bolsas	
<i>Acordo definitivo</i>	22 de xullo de 2013	Comisión Académica dos Másters	Sección de Bolsas	(http://seix.uvigo.es) Secretaría do Centro Sección de Bolsas

4.2.- Segunda convocatoria para todo o alumnado matriculado

PROCEDEMENTO	PRAZO	RESPONSABLE	LUGAR DE PRESENTACION	PUBLICACIÓN
<i>Fase I: Propostas de bolsas dos Másters</i>	17 ao 27 de febreiro de 2014	Comisión Académica dos Másters	Sección de Bolsas	Secretaría Virtual (http://seix.uvigo.es) Sección Bolsas Secretarías dos Centros
<i>Fase II: Publicación de propostas</i>	Antes do 10 de marzo de 2014	Sección de Bolsas		Secretaría Virtual (http://seix.uvigo.es) Sección de Bolsas Secretaría dos centros
<i>Presentación de solicitudes</i>	11 ao 14 de marzo de 2014	Alumno/a interesado	Centro de adscrición Rexistro	
<i>Acordo provisional</i>	Antes do 25 de marzo de 2014	Comisión Académica dos Másters	Sección de Bolsas	Secretaría do centro Sección de Bolsas
<i>Alegacións</i>	Do 26 de marzo ao 2 de abril de 2014	Alumno/a interesado/a	Sección de Bolsas	
<i>Acordo definitivo</i>	11 de abril de 2014	Comisión Académica dos Másters	Sección de Bolsas	Secretaría Virtual (http://seix.uvigo.es) Secretaría do centro Sección de Bolsas



UNIVERSIDADE
DE VIGO

5.- O pagamento desta bolsas farase con cargo ás seguintes partidas orzamentarias de cada un dos Másters Oficiais, para as bolsas da modalidade A) 111LP 482.25 ou 131H 482.25 e para a modalidade B) 111LP 482.10 ou 131H 482.10. Os responsables da área económica do centro de adscrición do máster deberán emitir o certificado de retención de crédito. Os coordinadores de cada máster oficial deben achegar á Sección de bolsas, a retención de crédito xunto co impreso da proposta de bolsas, (Anexo II).

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso perante a xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa*.

Así e todo, os interesados poderán optar por interpor contra esta resolución **Recurso de Reposición**, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou; neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na *Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións e do Procedemento Administrativo Común*

Vigo, a 14 de xuño de 2013



O REITOR,

Salustiano Mato de la Iglesia

DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución se publica nesta data no taboleiro de anuncios da Reitoría

Vigo, 17 de xuño de 2013

A Xefa da Sección de Bolsas

María Guadalupe Fernández Romero

Secretaría Xeral
Directores/Decanos de Centros
Coordinadores/as dos Másters Oficiais da Universidade Vigo
Servizo de Alumnado
Administradores/as de Centro
Xefes/as de área académica/área económica/administración dos centros da Universidade Vigo

ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS DE AXUDA AOS ESTUDOS DE MÁSTER OFICIAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO CURSO 2013-2014

1.- REQUISITOS DOS/AS SOLICITANTES

Poderá participar na presente convocatoria o alumnado matriculado nun Máster Oficial no curso 2013/14 a tempo completo, de acordo co correspondente plan de estudos (mínimo de 60 créditos ECTS ou de ser o caso, os que lle resten para rematar o Máster). Os créditos recoñecidos non se terán en conta para este cómputo. Non terán dereito a esta bolsa os alumnos que xa estean en posesión do título de máster.

No caso de alumnos matriculados en continuación de estudos, deberán ter superados a totalidade dos créditos matriculados no ano 2012/2013.

2.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O impreso de solicitude que debe ser cuberto polas persoas solicitantes figura na páxina web da Universidade a través da Secretaría Virtual (<http://seix.uvigo.es>). **As solicitudes serán presentadas nos prazos marcados no apartado 4 da Resolución Reitoral.** A solicitude pode ser entregada na Secretaría de cada Centro no que o/a alumno/a estea matriculado/a, ou nos rexistros dos Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo, que as enviarán á Comisión Académica do Máster.

3.- DOCUMENTOS

- Extracto do expediente académico dos últimos estudos universitarios realizados de non estar xa a disposición da Secretaría de alumnos do centro de adscrición do máster. Certificación académica detallada dos estudos que deron acceso aos estudos de máster na que figuren as cualificacións obtidas, as súas datas de obtención e o número exacto de convocatorias investidas en cada materia (orixinal ou fotocopia compulsada). Non serán válidas as certificacións extractadas do expediente académico do/a solicitante.

No caso de estudos validados, deberá presentarse tamén a certificación académica, de idénticas características, para os estudos de orixe.

Os/as alumnos/as que acceden ao 2º ciclo dunha licenciatura a través do correspondente curso de complementos de formación, por estar en posesión dun título de diplomado ou diplomada ou por ter realizado o 1º ciclo dalgunha titulación que permita o acceso ao 2º ciclo, para efectos de determinar a media do expediente académico, deberán achegar ademais da certificación correspondente ao curso de complementos de formación e a do segundo ciclo, a referente á diplomatura ou aos estudos de 1º ciclo realizados.

Os títulos obtidos no estranxeiro ou en centros non estatais deberán achegar, se é o caso, as oportunas táboas de equivalencias oficiais das cualificacións.

- Curriculum Vitae
- Para os solicitantes estranxeiros (apartado 4.1), dúas cartas de presentación, preferentemente de docentes ou de persoas con quen o/a solicitante houbera tido algunha relación académica ou laboral.
- No seu caso, copia da solicitude de bolsa de posgraio presentada no Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

- No seu caso, copia da solicitude de bolsa de posgrao presentada na Xunta de Galicia.
- Outras Entidades ou Fundacións públicas e privadas.

4.- SELECCIÓN

A Comisión Académica de cada Máster procederá á avaliación e selección das solicitudes presentadas en virtude da documentación presentada, con énfase no expediente académico da persoa solicitante así como das referencias que presenta e dos seus estudos e experiencia previa en relación co Máster correspondente.

A nota media simple do expediente académico dos últimos estudos universitarios realizados calcularase segundo o disposto na Resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de setembro de 2011, DOG do 30 de setembro. No caso de titulacións de segundo ciclo, baremanse os expedientes tomando a nota media do primeiro ciclo para ese ciclo e a media do segundo ciclo para ese ciclo.

En caso de empate, terase en conta: 1º media do expediente académico, 2º menor número de suspensos, 3º maior número de matrículas de honra.

As persoas solicitantes serán ordenadas priorizando o mellor expediente e a bolsa tipo A1.

As solicitudes dos candidatos e candidatas que non obtiveran a bolsa serán ordenados por orde de preferencia, constituíndo unha lista de agarda para cubrir posibles renuncias.

A Comisión Académica de cada Máster remitirá á Sección de Bolsas a resolución provisional, que incluírá os/as beneficiarios/as propostos/as, a lista de agarda, e as solicitudes denegadas sinalando as causas de denegación. (modelo no Anexo III)

Contra o acordo da Comisión Académica que será publicado nos termos previstos nesta convocatoria poderán as persoas interesadas presentar alegacións nos prazos marcados no apartado 4 da Resolución Reitoral.

Unha vez revisadas as alegacións por parte da Comisión Académica, esta achegará o acordo definitivo á Sección de Bolsas nos prazos marcados no apartado 4 da Resolución Reitoral.

Toda a documentación relativa a estas bolsas deberá ser remitida por parte das comisións académicas dos másters, a Sección de Bolsas para continuar o procedemento de concesión, e o seu arquivo definitivo.

5. RESOLUCIÓN

Unha vez recepcionadas todas as propostas das comisións académicas dos másters, a Sección de Bolsas, verificará que os/as alumnos/as cumpren cos requisitos básicos establecidos na convocatoria.

A adxudicación da bolsa farase por Resolución Reitoral, no prazo máximo de 3 meses a contar desde o día seguinte do remate da presentación de solicitudes, que incluírá os/as bolseiros/as de cada tipo por máster, as listaxes de agarda en cada caso, e as solicitudes denegadas facendo constar a causa de denegación.

A concesión será notificada pola Sección de Bolsas directamente a cada beneficiario/a, entregándolle aos efectos de credencial unha copia da Resolución de nomeamento.

6.- CONTÍA E PROCEDEMENTO DE PAGO

Modalidade A1: a contía das bolsas será de 4.000 € cada unha, a aboar en tres prazos:

- 1) 2.000 € no momento da concesión unha vez verificado que o/a alumno/a ingresou os custos das taxas de matrícula.
- 2) 1.000 € antes do 30 de novembro de 2013 para a primeira convocatoria e 12 de maio de 2014 para a segunda convocatoria.
- 3) 1.000 € antes do 31 de maio de 2014.

Modalidade A2: a contía das bolsas será de 1.000 € a aboar nun pago único, no momento da concesión, unha vez verificado que o/a alumno/a ingresou o custo da matrícula.

Modalidade B: a contía da bolsa será establecida pola Comisión Académica de Máster oficial e publicada no momento en que se inicie o prazo de presentación de solicitudes.

A contía fixará a Comisión Académica do Máster en función do número de créditos que vaia a cursar en lugar distinto de onde se desenvolva a actividade académica do máster, que en todo caso non poderá superar a cantidade de 100€ por crédito.

A bolsa aboarase, de non terse realizado aínda o desprazamento no momento da concesión en dous pagamentos, a razón de:

- 1) 80 % da axuda con carácter previo ao desprazamento e en ningún caso antes de 1 mes da data prevista para o mesmo.
- 2) 20 % da axuda ao regreso da actividade académica que precisou a mobilidade e despois de presentar o corresponde certificado da Comisión académica da realización efectiva da mobilidade.

7- OBRIGAS

As persoas beneficiarias das bolsas están obrigadas a:

- a) Ter pagada na súa totalidade a matrícula ou de ser o caso, se o alumno optou polo fraccionamento dos pagamentos de matrícula ter pagados os importes parciais emitidos ata a data de resolución.
- b) Destinar a axuda á finalidade para a que foi concedida. A tal fin entenderase que non cumpren as obrigas as persoas que non superen no curso 2012/2013 o 75% dos créditos, para obtención da bolsa.
- c) Comunicar á Universidade a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade. A comunicación farase mediante escrito dirixido á secretaría de alumnos do centro de adscrición, para o seu envío á Sección de Bolsas, ou por correo electrónico a negociadodeinformacionbolsas@uvigo.es.
- d) No caso das axudas de desprazamento, xustificar a participación na actividade subvencionada segundo o procedemento que a Universidade estableza.

8.- RENUNCIA

A renuncia ao disfrute da bolsa deberá ser comunicada por escrito á Sección de Bolsas, e dará lugar ao reintegro das cantidades aboadas no caso de telas realizadas.

Se a renuncia se produce antes da Resolución Reitoral de concesión, a bolsa sera asignada ao primeiro/a candidato/a da lista de agarda.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

9.- REVOCACIÓN

O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións e das obrigas establecidas na presente convocatoria será causa determinante de revogación da axuda e do reintegro por parte da persoa beneficiaria, no seu caso, das cantidades indebidamente percibidas.

10.- INCOMPATIBILIDADES

As bolsas Modalidade A serán incompatibles con calquera outra bolsa, axuda ou contrato concedidas por calquera institución pública ou privada para a mesma finalidade.

As bolsas Modalidade B (desprazamento) serán incompatibles con calquera outra concedida para esta finalidade.

ANEXO II

SOLICITUDE DA COMISIÓN ACADÉMICA DE CONVOCATORIA DE BOLSAS DE AXUDAS AOS ESTUDOS DE MÁSTER UNIVERSITARIO DA UNIVERSIDADE DE VIGO. CURSO 2013-2014

De conformidade coa Resolución Reitoral de 14 de xuño de 2013, solícitase a seguinte proposta

1.- DATOS DO MÁSTER

MÁSTER: _____

CENTRO DE ADSCRICIÓN: _____

COORDINADOR/A: _____

DATA DA REUNIÓN DA COMISIÓN ACADÉMICA: _____

2-DATOS DA SOLICITUDE

ORZAMENTO TOTAL RETIDO:

Nº BOLSAS QUE SE DESEXAN CONVOCAR:

TIPO A1: _____

TIPO A2: _____

TIPO B*: _____

TOTAL BOLSAS SOLICITADAS: _____

*Condições específicas dos desprazamentos a efectuar, de se-lo caso:

_____, a _____ de _____ de 20 ..

Asdo: O/A coordinador/a do máster

XEFA DA SECCIÓN DE BOLSAS. REITORÍA.

ANEXO III

ACORDO DA COMISIÓN ACADÉMICA

TIPO DE BOLSA (Sinálese a que proceda)

- A1-BOLSA DE AXUDA AO ESTUDO DE 4.000 €
- A2-BOLSA DE AXUDA AO ESTUDO DE 1.000 €
- B-BOLSA DE AXUDA AOS CUSTOS DE DESPRAZAMENTO PARA A PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES ORGANIZADAS EN INSTALACIÓNS ALLEAS Á U.VIGO

A comisión académica do máster universitario _____ reunida con data _____, tendo en conta a Resolución Reitoral de 14 de xuño de 2013 pola que se convocan bolsas en másters universitarios durante o curso 2013/2014, revisadas e avaliadas as solicitudes presentadas polo alumnado, ACORDA propor o seguinte listado provisional/definitivo de beneficiarios/as:

- **Proposta de beneficiarios/as:**

Apelidos e nome _____ puntuación _____

- **Lista de agarda**

Apelidos e nome _____ puntuación _____

• Listado de denegados/as	Causas de denegación
----------------------------------	-----------------------------

Vigo _____ de _____ de 20...